


PROXECTO LECTOR DE CENTRO





CEIP VALLE INCLÁN

Perillo - Oleiros

PROXECTO LECTOR DE CENTRO

ÍNDICE

1. PRELIMINARES.

2. MARCO LEGAL.

3. FUNCIONALIDADE.

4. OBXECTIVOS.

5. AVALIACIÓN.

Perillo- Oleiros (A Coruña)

PROXECTO LECTOR DE CENTRO

1. PRELIMINARES

A sociedade actual caracterízase por estar suxeita a profundos e acelerados cambios que afectan ás persoas de maneira individual e tamén como colectivo. A globalización, os avances científicos e tecnolóxicos, o desenvolvemento dos medios de comunicación e transporte, entre outros factores, configuran un panorama en constante cambio e renovación. Para facer fronte a este estado de cousas é necesario que as persoas desenvolvan capacidades e dispoñan de ferramentas que lles permitan coñecer, comprender e assimilar os cambios. Faise necesario ter capacidade de análise e valoración da realidade, a fin de constituírse en individuos socialmente activos, dotados de autonomía e criterio propio. Precísase tamén adecuar a formación ás demandas dun mercado laboral en constante transformación. É dicir, precísase dispoñer de **información** e de capacidade de **formación permanente**.

Para acadar estes fins é imprescindible o uso e dominio do código escrito. A lectura, feita sobre todo tipo de soportes, é unha ferramenta privilexiada.

Contra a excesiva velocidade e fragmentación informativa dos medios de comunicación de masas, a lectura permite o acceso sosegado e reflexivo á información, condición imprescindible para a formación do pensamento crítico. Posibilita tamén prolongar a etapa formativa do individuo, achegando coñecementos nun proceso que se desenvolve ó longo de toda a vida.

Ademais destas finalidades formativa e informativa, a lectura literaria é parte fundamental do acervo cultural dos individuos.

A lectura literaria, ademais de proporcionar entretemento, goce individual e pracer estético, supón participar da herdanza cultural da humanidade, acceder ó pensamento e á creación dos grandes artistas de todos os tempos e tamén da actualidade, permite ampliar a reducida experiencia persoal de cada individuo, necesariamente condicionada por unha época e unhas circunstancias, dándolle unha perspectiva ilimitada no espazo e no tempo. Esta ampliación de horizontes, ademais do crecemento intelectual da persoa, posibilita un achegamento vivencial e solidario a outras realidades e unha diversificación dos puntos de vista e análise, que permita superar as reducións que supón o chamado "pensamento único".

É natural , pois, que a formación de lectores eficaces e voluntarios, con toda finalidade e sobre todo tipo de textos, sexa obxectivo fundamental da institución escolar.

A Ley Organica de Educación (LOE), no Capítulo 1, dedicado ós Principios nos que se sustenta o sistema educativo español, di que, ademais da **calidade**, un deses principios é *"a equidade que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais"*.

Unha das grandes desigualdades que se aprecian na sociedade actual, como poñen de relevo as sucesivas enquisas culturais, é precisamente a relativa ó feito lector. Un reducido porcentaxe da poboación adulta galega ten desenvolvidos hábitos lectores, (Segundo os últimos datos recollidos pola Federación do Gremio de Editores de España, un 48'8 % da poboación galega maior de 14 anos declárase non lectora) e, polo tanto, non moitas familias están en condicións de transmitir ós seus fillos e fillas o gusto e interese polos libros e a lectura.

A institución escolar, que recibe sen excepcións a toda a poboación dende os tres anos de idade, resulta, pois, un lugar privilexiado como elemento compensador das desigualdades, actuando de maneira progresiva e continuada, garantindo a paulatina capacitación do alumnado no uso eficaz do código escrito , xeneralizando experiencias enriquecedoras e

gratificantes de contacto cos libros e a lectura de cara ó fomento e consolidación do hábito lector e aparecendo ademais como modelo de valoración e aprecio do feito lector.

Estas apreciacións e principios son os **fundamentos** nos que se basea o **Proxecto Lector de Centro**.

2.- MARCO LEGAL:

O Proxecto Lector de Centro ten como referencia o seguinte marco Legal:

- LEY ORGÁNICA 2/2006, 3 de maio de Educación:
 - . **Artigo 19.2.** *Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, e a educación en valores traballarase en todas as áreas.*
 - . **Artigo 19.3.** *Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura dedicarase un tempo diario á mesma.*

- DECRETO 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - . **ANEXO IV. Proxecto lector de centro.** *Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, proxectos lectores que integren todas as actividades do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.*

3. FUNCIONALIDADE DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

O Proxecto Lector de Centro nace coa vontade de servir á Comunidade Educativa nos seguintes aspectos:

- **Integrar criterios e actuacións de todo o profesorado na práctica do ensino-aprendizaxe da lecto-escritura .**
- **Servir de marco de referencia na determinación de obxectivos e actividades no ensino-aprendizaxe da lecto-escritura así como na elaboración do Plan Lector Anual.**
- **Achegar e optimizar recursos para acadar eses obxectivos.**

4. OBXECTIVOS DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.

Son obxectivos do Proxecto Lector:

4.1- Contribuír á formación do alumnado como lectores e lectoras competentes, así como á creación e consolidación do hábito lector.

Saber ler.

4.2 - Contribuír ó desenvolvemento de actitudes favorables á lectura.

Querer ler.

4.3 - Contribuír a facilitar o acceso ós libros, como factor de compensación social. Poder ler.

4.1 –SABER LER. (Lectores Competentes) A consecución deste obxectivo, o que chamamos *alfabetización*, é tradicionalmente competencia da institución escolar

Das especialistas María Clemente Linuesa e Elena Ramírez Orellana, profesoras da Universidade de Salamanca, recollemos a seguinte definición dun bo lector: *“Un bo lector na nosa cultura é un lector polivalente e competente que debe dominar diferentes formas de lectura, assimilar diferentes tipos de textos e manexar de forma solvente diversidade de soportes. É un lector que desenvolve a actividade da lectura movido por diferentes razóns e estímulos, e faino en distintos contextos e situacións. O bo lector hoxe busca información para decidir, para adquirir coñecementos, para realizar cousas, para ter xuízos fundados sobre a realidade, para gozar e entreterse. É un suxeito que le comprensivamente, sabe interpretar o que le; é quen de emitir xuízos críticos; reformula y transforma contidos; escribe para expresarse e comunicarse”.*

En sociedades como a nosa, cunha importante presenza en todos os ámbitos do código escrito, a alfabetización empeza moi cedo, mesmo antes da escolarización dos nenos e nenas, e supón un longo proceso de aprendizaxe que se vai desenvolvendo de maneira gradual e paulatina e que non remata nunca de maneira total.

Nos Centros de Educación Infantil e Primaria hai que ter en conta as tres fases que tradicionalmente se poden establecer respecto ó grao de competencia lectora do alumnado:

+ Prelectores

+ Neolectores.**+Lectores autónomos.**

Prelectores: Antes de iniciarse sistemáticamente nas técnicas de decodificación ou desciframento, os nenos e nenas teñen xa experiencias persoais como lectores. Pódese dicir que a alfabetización comeza cando se teñen contactos, tanto directos como indirectos, coa cultura escrita, e isto dáse de maneira natural e cotiá en todas as sociedades fortemente alfabetizadas como a nosa. A familia en primeiro lugar, e a escola a continuación, propician un contacto directo coa cultura escrita. Canto máis ricas sexan estas primeiras experiencias, mellores serán os resultados da alfabetización e do rendemento escolar en xeral. É competencia da escola nesta etapa inicial:

- . Crear un ambiente axeitado, rico en estímulos que conviden e axuden ós nenos/as a aprender a ler e escribir.

- . Programar actividades de prelectura e preescritura que vaian desenvolvendo os factores implicados na maduración para este tipo de aprendizaxe.

- . Usar, de maneira asistemática e incidental, material de lectura e escritura, de maneira que os poidan utilizar os alumnos/as sen que sexa unha obriga para eles.

Unha das actividades máis relevantes para a formación de futuros lectores é a lectura de contos. escoitar contos ten diversos efectos para os aprendices:

- . Os nenos e nenas que escoitan contos teñen que construír nas súas mentes a interpretación en base ó texto que escoitan, desta maneira empezan a enfrontarse ao valor simbólico da linguaxe, ao seu poder de representar a experiencia por medio de símbolos

independentes dos obxectos e acontecementos aos que se refiren. Isto é o fundamento da lectura.

. Empezan a adquirir de maneira intuitiva experiencias e coñecementos sobre a gramática textual: A estrutura do texto narrativo (¿Qué pasa ó comezo, que vén a continuación, como remata a historia?) a existencia de voces nos relatos (o narrador e outros personaxes), a necesidade de coherencia nos relatos, as peculiaridades da linguaxe lírica...

. escoitar contos esperta o interese dos nenos e nenas por aprender a ler de forma autónoma. E este interese é a clave do éxito na formación de lectores competentes.

. As lecturas de contos proporcionan coñecementos en xeral e, particularmente, de vocabulario.

Neolectores. Son aqueles nenos e nenas que se inician sistematicamente na técnica lectora de desciframento.

A importancia desta fase da aprendizaxe aparece reflectida no seguinte parágrafo: *“A conquista da linguaxe escrita representa, na vida do neno, unha verdadeira mutación de importancia fundamental tanto para o seu porvir escolar como para o seu futuro inmediato. Da maneira como se fai –ou non se fai- esta conquista vai depender probablemente, non só a actitude do neno fronte as tarefas vinculadas coa lectura/escritura, senón tamén a actitude do lector/escritor adulto.”*
Hélène Romian : *El Poder de leer.*

E fundamental a elección do método empregado na alfabetización. Este método, que se utilizará de maneira consensuada en todos os cursos, deberá ter en conta o desenvolvemento psicolóxico

dos alumnos/as, o aporte científico da lingüística e a necesaria correlación entre lectura e escritura.

Os neolectores poden xa iniciarse na lectura individual de libros axeitados as súas capacidades e intereses, principalmente álbums ilustrados. Unha actividade de moito interese consiste en pedirles ós alumnos/as que “narren” a historia apoiándose precisamente nas ilustracións.

Nesta etapa segue a ser fundamental a lectura de contos por parte do adulto (pai/nai, profesor/profesora). Os nenos, que aínda teñen notables dificultades coa técnica de desciframento, atopan moito pracer e estímulo escoitando boas lecturas seleccionadas e feitas polos adultos. Na selección destas lecturas terase en conta elixir textos enteiros (non fragmentos) que presenten un grao de dificultade, ben por extensión, por vocabulario ou por temática, un pouco por riba daqueles outros textos aos que os nenos xa poden acceder individualmente.

Lectores autónomos. Son aqueles nenos e nenas que xa dominan a técnica lectora, teñen unha correcta comprensión e poden acceder individualmente á lectura de textos axeitados á súa capacidade, maduración psicolóxica e intereses.

É fundamental introducir a estes lectores en todo tipo de textos, seleccionados con distintas finalidades e sobre todo tipo de soportes.

Tendo en conta que a eficacia lectora pasa por ter unha axeitada velocidade, ademais de comprensión, potenciarase a lectura silenciosa e tratarase de evitar e/ou corrixir malas prácticas lectoras (

silabeo, vocalización, movementos da cabeza, seguimento da liña co dedo, retrocesos, etc).

Descartada, por rutineira e ineficaz, a práctica consistente en que un neno le en voz alta mentres o resto segue o mesmo texto polo libro, tamén nesta etapa segue sendo moi recomendable a lectura de textos seleccionados feita polo profesor/a, e/ ou tamén a preparada polos alumnos para o resto da clase.

Obxectivos de saber ler: Tendo en conta o expresado sobre este punto, enunciámos como obxectivos a acadar:

- *Dominar eficazmente a técnica de desciframento.*
- *Desenvolver comprensión lectora de todo tipo de textos, sobre calquera soporte e con todo tipo de finalidades.*
- *Recoñecer as peculiaridades e recursos da linguaxe literaria e dos distintos xéneros literarios.*
- *Distinguir o tema, a idea principal e as ideas secundarias dun texto.*
- *Saber buscar , recoller e organizar a información que se precisa utilizando distintos tipos de fontes.*
- *Facer un uso crítico da información.*
- *Desenvolver lectura silenciosa cunha velocidade lectora axeitada a cada tipo de texto, e aos obxectivos de cada lectura.*
- *Desenvolver lectura silenciosa evitando malos hábitos: silabeo, movementos de cabeza, seguimento da liña co dedo, etc.*
- *Ler en voz alta, cando sexa necesario, con entoación e pausas axeitadas.*
- *Desenvolver unha velocidade lectora axeitada a cada tipo de texto, e aos obxectivos de cada lectura.*

Temporalización:

- Estes obxectivos mantéñense ó longo de toda a escolaridade, de maneira gradual e paulatina, dende E. Infantil ata 6º nivel. E forman parte de todas as áreas do currículo.

Actividades a desenvolver:

- Aplicación dun método consensuado na práctica do ensino-aprendizaxe da lecto escritura.
- Traballo nas aulas con textos previamente seleccionados (literarios e non literarios) en función dos obxectivos que se pretende acadar, e cun nivel de dificultade progresivo ó longo da escolaridade.
- Establecer estratexias para antes da lectura, durante a lectura e despois da lectura.
- Aplicar estratexias de carácter aberto que fomenten a construción do significado do texto.
- Aplicar estratexias que supoñan realizar inferencias e formular hipóteses.
- Traballo nas aulas cos libros de texto das diferentes materias do currículo.
- Realizar esquemas y resumos.
- Realización de traballos de investigación que supoñan búsqueda, recollida e elaboración de información.
- Escritura de textos propios.
- Lecturas en voz alta por parte do profesor/a.

Recursos:

- Plan Lector Anual.
- Libros de texto das distintas materias.
- Todo tipo de textos: xornais, publicidade, impresos, instrucións, textos de elaboración propia,...
- Fondos da biblioteca do colexio.(Literarios e informativos)

- Bibliotecas de aula. (Con fondos da biblioteca do colexio e con outros achegados polos propios alumnos/as)
- Outras bibliotecas públicas.
- Internet.

4.2 –QUERER LER (Lectores voluntarios) Na consecución deste obxectivo, a escola comparte responsabilidade fundamentalmente coas familias. É no ambiente familiar onde se crea e consolida o hábito lector, mediante observación e imitación das condutas dos adultos. Como medida compensatoria das desigualdades socioculturais, a escola tentará xeneralizar experiencias de encontro natural e gratificante entre os nenos/as e os libros.

Fundamentalmente trátase de crear no colexio e nas diferentes aulas un ambiente natural favorable ó libro e ó feito lector. Facer de cada aula un espazo propicio no que haxa libros, se lea de maneira voluntaria e se fale de libros. A acción do ambiente exercítase de maneira espontánea, sen que os nenos/as teñan que esforzarse de maneira especial, senón recibindo sen máis os estímulos que constantemente os rodean e respondendo a eles segundo esperten ou non esperten interese.

Por tratarse da adquisición dun hábito, o profesor/a aparece como o modelo de adulto lector a imitar, unha persoa que le e que está interesada pola lectura. Así mesmo, procurárase evitar o reforzo de actitudes negativas ou frustrantes para os alumnos/as, desvinculando a lectura voluntaria do posible fracaso escolar.

Obxectivos de Querer ler:

- *Descubrir o interese persoal da lectura e recorrer voluntariamente a ela, tanto para actividades de ocio e pracer como para buscar información e adquirir formación.*
- *Adquirir o hábito da lectura.*

Actividades a desenvolver:

- Dedicar un espazo propio e ben acondicionado para situar nel a Biblioteca de Aula, dotándoa de libros de calidade axeitados á capacidade e aos gustos dos alumnos/as.
- Visitar frecuentemente á Biblioteca do Centro, tanto para realizar préstamos como para actividades de lectura e/ou consulta.
- Fomentar a formación, información e participación das familias para que colaboren na formación lectora dos seus fillos.
- Participar en actividades que dean protagonismo ó libro e ó feito lector: Semana do Libro, Festas do Libro, Letras Galegas, exposicións de novidades, sesións de contacontos, entrevistas con autores, etc.
- **Dedicar un tempo diario para a lectura, segundo prescribe o Decreto 13072007. (Media hora diaria)**

¿Qué podemos facer nesa media hora diaria?:

Entre outras actividades:

- . Lectura silenciosa, individual e voluntaria de todos e todas (incluído o profesor/a).
- . Lectura en voz alta, feita preferentemente polo profesor/a, de textos previamente seleccionados. (Aqueles que poden presentar unha maior dificultade para a lectura individual)
- . Lectura en voz alta feita polos alumnos/as de capítulos ou pasaxes que lles gustaron especialmente.
- . Presentación de novidades.
- . Presentación de libros dun determinado autor/a.
- . Presentación de libros dunha determinada temática.

.Recomendacións de lectura feitas polos propios alumnos/as.

.Tertulias literarias feitas polos alumnos/as (propiciadas polo profesor/a)

Recursos:

- Plan Lector Anual.
- Biblioteca do Colexio.
- Bibliotecas de Aula, feitas con fondos prestados pola Biblioteca do colexio e con outros libros aportados polos propios alumnos/as ou pola Biblioteca Municipal.
- Exposicións periódicas de libros seleccionados cun determinado criterio.

4.3 –PODER LER. Acceso universal ós libros, como factor de compensación de desigualdades socioeconómicas e culturais. Como un dereito que é, a responsabilidade na consecución deste obxectivo, ademais de corresponder á escola e ás familias, é competencia fundamental das distintas Administracións públicas que deberán achegar os medios e recursos necesarios para o exercicio deste dereito. No medio escolar, a realización efectiva deste dereito pasa por dotar os centros cunha biblioteca de calidade atendida por persoal especializado.

Obxectivo de poder ler:

- *Acceso rápido, cómodo e sinxelo ós libros.*

Recursos:

- Orzamento anual específico e suficiente, dentro do presuposto xeral do centro.
- Dispoñer no Centro dunha Biblioteca cun amplo fondo bibliográfico, actualizado e de calidade, axeitado ós gustos e á maduración psicolóxica e lectora dos alumnos/as de cada nivel.
- Dispoñer no Centro dunhas instalacións de Biblioteca cómodas e ben equipadas, con postos de lectura para traballo individual e de grupo, atendida por persoas que a xestionen e dinamicen eficazmente.
- Dispoñer de Bibliotecas de Aula.
- Dispoñer dun axeitado sistema de préstamos que xestione e axilice o libre acceso ós fondos.
- Dotar a biblioteca de persoal con dedicación específica e suficiente.
- Establecer un horario de uso da biblioteca que permita a optimización da utilización deste recurso.

Actividades a desenvolver polo Equipo de Biblioteca:

- Coordinar a elaboración do Plan Lector Anual.
- Adquirir novos fondos bibliográficos con criterios de calidade e de atención ás necesidades docentes.
- Realizar a xestión dos fondos da Biblioteca e do sistema de préstamos.
- Achegar puntual información a todos os usuarios das novidades adquiridas.

- Preparar exposicións temáticas, guías de lectura, boletíns informativos , suxestións de lectura, etc., para dinamizar e dar a coñecer os fondos da biblioteca.
- Axudar na selección de libros para complementar as bibliotecas de aula.
- Fomentar o coñecemento e utilización da Rede de Bibliotecas Públicas, así como a colaboración coa mesma.
- Integrar a todos os membros da Comunidade Educativa no mantemento, coidado e conservación da Biblioteca.

5. AVALIACIÓN

Coa finalidade de que o Proxecto Lector de Centro resulte un elemento eficaz para a finalidade que se propón e na consecución dos obxectivos que se establecen, resulta necesario facer un seguimento valorativo que permita coñecer o seu grao de utilidade e validez. Esta avaliación será **continua, formativa e sumativa**.

- **Continua:** A avaliación do Proxecto Lector de Centro será continua, orientada a proporcionar información sobre o seu desenvolvemento e sobre a consecución dos obxectivos xerais así como dos obxectivos específicos que figuren no Plan Lector Anual.
- **Formativa:** Tendente a mellorar o propio proceso e os resultados obtidos, permitindo a adecuación as necesidades que vaian xurdindo.
- **Sumativa:** Entendida como comprobación periódica dos resultados obtidos, tendo como referente os obxectivos marcados.

Esta avaliación realizarase cunha periodicidade trimestral empregando o enfoque formativo. E mediante un enfoque sumativo ó final de cada curso.

O Claustro de Profesores, a través dos equipos de Ciclo e da Comisión de Coordinación Pedagóxica, realizará a avaliación do P.L.C. , que quedará recollida na correspondente acta.

O Consello Escolar efectuará a súa avaliación do P.L.C., orientada pola avaliación do Claustro de Profesores.

